

## BLOQUE 5 - Asia

### Pedalear ata o final do día cando xa non quedan folgos e te bloquean as maniotas

5.1 *Cyclo*. O Vietnam (1995). Rexeitar desigualdades abismais.

5.2 *A bicicleta de Beijing*. A China (2001). Acadar acordos.



#### 5.1 *Cyclo*. O Vietnam (1995). Rexeitar as desigualdades abismais. Non ás drogas

Talvez sobrevivan *rickshaw* no medio da globalización que corea rúas e avenidas cos «tuk-tuk» no sueste asiático. *Cyclo* remítenos aos primeiros, aos pedais da vida dun mozo sen enerxías e con pesadelos polo traballo, nun vivir de terceira clase cercado pola pobreza frenética desta ocupación. Porque Ho-Chi-Mim, outrora Saigón, contén un organismo de arterias colapsadas por toda clase de vehículos a piques de colidir. Este pano de fondo contrasta coa cadencia pausada fóra do traballo, pola fatiga e a escaseza. Vai fluíndo un relato orgánico e agónico que se tensa co roubo do seu pan, do seu *cyclo*, feito que tornará errático o cotián, polos rueiros imprevistos dun «todo» misterioso, labiríntico, infundado de perigos, medos, experiencias sensoriais e vinganzas.

#### FICHA TÉCNICA

Dirección e guión: Tran Anh Hung

Fotografía: Benoît Delhomme

Música: Tôn Thất Thiêt

Produción: coprodución O Vietnam-Francia-Hong Kong

Xénero: drama/drama social/pobreza/crime

Duración: 123'

Elenco: Le Van Loc, Tony Leung Chiu-Wai, Tran Nu Yên-Khê, Nhu Quynh Nguyen

Premios: 52.º Festival de Venecia 1995. Gañador do León de Ouro ao Mellor Filme, e gañador do Premio FIPRESCI do Xurado da Crítica Internacional



#### 5.2 *A bicicleta de Beijing*. A China (2001). Acadar acordos

No medio do auxe chinés, os pasos firmes do xigante produtivo rebentaban as previsións macroeconómicas dos analistas. E neste tecido entran dúas vidas. **GUEI móvese para «moverse máis»:** unha empresa de mensaxería contrátalo. Bota a rodar nunha bicicleta de montaña que logo dun tempo poderá pertencerlle. Interioriza consignas da empresa, e **dos pedais e das entregas «a tempo».** Nunha pantalla de cruces e sombras, róbanlla. Que lle suporá? Despedimento, débedas...? O **ben roubado circula do mercado negro ás mans dun humilde estudante, JIAN,** que nada sabe da orixe do produto. En resumo, **un perde a «bici», outro, os aforros;** a realidade: a bicicleta segue a ser de dous. O rebumbio de Beijing non impedirá o **conflicto** entrambos os dous, na onda xeracional dun lugar común chamado **adolescencia.**

#### FICHA TÉCNICA

Dirección e guión: Wang Xiaoshuai

Fotografía: Liu Jie

Música: Wang Feng

## **CINEMA EDUCATIVO. O TAXI NO CINEMA: HHSS SOBRE RODAS**

Ramón Souto Caride e Juan J. Álvarez Castro

Produción: coprodución A China-Taiwán-Francia

Xénero: drama/drama social/adolescencia

Duración: 113´

Elenco: Cui Lin, Li Bin, Gao Yuanyuan

Premios: 51.ª Festival de Berlín 2001: gañadora do Oso de Prata: Grande Premio do Xurado.

Premio Piper Heidsieck ao Mellor Actor Novo (Cui Lin). Premio Piper Heidsieck\_ao Mellor Actor Novo (Li Bin)